

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### ARTEIXO

##### Persoal

*Convocatoria e bases do proceso de provisión, polo procedemento de libre designación, do posto de xefatura de seguridade cidadá*

##### ANUNCIO

Por Decreto de Alcaldía nº 994/2026 de data vinte e un de abril de dous mil vinte e seis, apróbanse a convocatoria e as bases reguladoras do proceso de provisión, por libre designación, dunha praza de **XEFATURA DE SEGURIDADE CIDADÁ** do Concello de Arteixo, que de seguido se expoñen:

#### CONVOCATORIA E BASES DO PROCESO DE PROVISIÓN, POLO PROCEDIMENTO DE LIBRE DESIGNACIÓN, DO POSTO DE XEFATURA DE SEGURIDADE CIDADÁ DO CONCELLO DE ARTEIXO

##### 1.- OBXECTO E CUESTIÓNS XERAIS

É obxecto da presente a aprobación da convocatoria e regulación das bases específicas para a provisión, polo sistema de libre designación, do posto de xefatura de seguridade cidadá do Concello de Arteixo, de conformidade ao contido da RPT en vixencia e segundo o establecido nos artigos 78 e seguintes do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e nos artigos 88 e seguintes da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, que contemplan a posibilidade de prover polo sistema de libre designación postos de traballo de especial responsabilidade ou cualificación profesional que se determinen na RPT e ao estipulado na Lei 4/2007, de 20 de abril, de Coordinación de Policía Local de Galicia, dado que o referido posto implica o exercicio da xefatura do corpo da policía local do Concello de Arteixo.

De conformidade coa Relación de Postos de Traballo en vixencia, as características do posto son:

##### ÁREA 03: SEGURIDADE

Cód.	Denominación do posto	L/F	Dot.	C.D.	C.E.	TP	FP	Clasificación do posto				Titulación académica	Adscrición	Formación específica	Observacións
								ADM	Grupo	Escala	Subescala				
030000	Xefatura Seguridade Cidadá	F	1	26/29	28.544,04 €	S	LD	AL	A1/A2	Administración Especial	Servizos Especiais	Licenciatura/ Diplomatura/ Grao universitario	Área 3	Permiso B e A2	(DT)

O posto de Xefatura da Área de Seguridade Cidadá dependerá xerárquicamente do Concelleiro de Seguridade Cidadá e englobará tanto a xefatura operativa do xorpo de Policía Local como de Protección Civil. Consecuentemente, o desempeño deste posto implicará, principalmente, as seguintes funcións:

- As indicadas no artigo 27 da Lei 4/2007, de 20 de abril, de Coordinación de Policía Local de Galicia
- Dirección e coordinación do persoal adscrito á área
- Dirección do Servizo de Emerxencias e Salvamento Municipal
- Asistencia ao Alcalde ou persoa na que delegue en todo o relacionado coas súas funcións
- Programación e planificación da seguridade nos eventos municipais de gran importancia, actividades de pública concurrencia ou casos de emerxencias meteorolóxicas ou similares
- Coordinación dos servizos das diferentes unidades e xefatura dos mesmos
- Emisión de informes referidos a avaliación de desempeño e implementación da carreira profesional do persoal ao seu cargo coa planificación inicial de obxectivos e memoria final anual
- Asignación de medios e recursos atendendo ás particularidades do servizo a realizar
- Programación de actuacións preventivas e organización de operativos relacionados coa seguridade cidadá

##### 2.- NORMATIVA APLICABLE

Á convocatoria seralle de aplicación, ademais das presentes bases, principalmente a seguinte normativa:

- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP)

- Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia (LEPG)
- Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais
- Lei 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública
- Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado
- Decreto 93/1991, de 20 de marzo, do regulamento da provisión de postos de traballo da Comunidade Autónoma Galega
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público
- Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso – Administrativa

### 3.- REQUISITOS ESIXIDOS

En concordancia coa lexislación aplicable, o nomeamento do Xefe de Seguridade Cidadá efectuarse pola Alcaldía, polo sistema de libre designación, de acordo cos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade tras convocatoria pública na que poderán participar funcionarios de carreira que teñan a máxima categoría do cadro de persoal do corpo de Policía Local do Concello de Arteixo.

Non poderán concorrer á convocatoria os funcionarios inhabilitados e os suspensos en virtude de sentenza ou resolución administrativa firme, se non transcorrese o tempo de suspensión sinalado nelas.

### 4.- INSTANCIAS E PRAZO DE PRESENTACIÓN

As instancias solicitando tomar parte no proceso selectivo dirixiranse ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Arteixo, presentándose a través da sede electrónica de conformidade co artigo 14.3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O prazo de presentación de instancias será de 15 días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no BOE, toda vez se teñan publicadas as presentes bases no BOP da Coruña, no taboleiro de edictos e na sede electrónica. Complementariamente, remitirase anuncio de convocatoria ao DOG e as bases publicaranse na web municipal aos meros efectos informativos, sen que tal publicidade sirva para determinación algunha de prazos de presentación de instancias.

A fin de dar cumprimento aos principios de mérito e capacidade neste procedemento de provisión por libre designación, as persoas aspirantes deberán presentar xunto coa instancia, un currículo vitae con canta documentación estimen oportuna, no prazo de presentación de solicitudes, debendo constar tanto os requisitos como os méritos alegados, acreditados con data de referencia do prazo de finalización para presentación de instancias.

As persoas aspirantes quedan eximidas da presentación de DNI e certificado de estar en posesión da praza de maior nivel do corpo de policía local do Concello de Arteixo, ao constar no Rexistro de persoal desta Administración.

### 5.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

A convocatoria será resolta pola Alcaldía–Presidencia por libre designación e en base aos principios de publicidade, mérito e capacidade, podendo solicitar informe técnico de asesoramento sobre as candidaturas presentadas ao departamento de Persoal, se así se considera necesario.

Así mesmo, poderase declarar deserta a convocatoria se ningunha das persoas aspirantes acadase un nivel suficiente para o desempeño do posto, a xuízo motivado do órgano convocante.

### 6.- PUBLICIDADE

Esta convocatoria e as bases específicas reguladoras serán publicadas nos correspondentes boletíns oficiais de conformidade co disposto no artigo 32.3 da Lei 4/2007, de 20 de abril, de Coordinación de Policía Locais.

### 7.- NORMA FINAL

Estas bases, a súa convocatoria e cantos actos administrativos deriven das mesmas, poderán ser impugnadas polas persoas interesadas conforme ao disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Arteixo, 22 de abril de 2026

Asdo.: Carlos Calvelo Martínez, Alcalde-Presidente